

Ola, colaboro gustoso coa invitación que o señor Alcalde do Concello de Paradela me fai para participar nesta colectiva homenaxe ó fillo predilecto de Paradela don Manuel Oreste Rodríguez López. Gañei o certame que leva o seu nome no ano 2006, ano de grato recordo porque foi moi fértil en premios para min. Ademais, deume a oportunidade de coñecer de preto esa terra que tan ben acubilla o verde matrio e un patrimonio aldeán que cada vez é máis difícil de ollar, devorado polo progreso tecnolóxico. Manuel Oreste foi un incansable defensor e valedor da nosa cultura, xa fora lonxe de Galicia ou na terra dende o seu regreso en 1987. Tamén deixou constancia do seu firme compromiso cos emigrantes, como coñecedor en carne propia da sangría de galegos que tiveron que buscar o pan fóra da casa. E admiro moito o compromiso que o Concello ten establecido coa figura deste seu ilustre fillo e coa súa vontade de divulgación cultural. Gustaríame que cundira o exemplo, sobre todo entre os concellos modestos, deste labor de difusión daquilo que paga a pena: as nosas letras, os nosos coñecementos, as nosas tradicións, todo o que configura ou axuda a configurar o que somos, porque a cultura non deixa de ser o carné de identidade dunha comunidade. E a comunidade de veciños de Paradela pódese sentir orgullosa nese eido, para gloria súa.